



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 22 DE FEBREIRO DE 2016

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 22 de febreiro de 2016

HORA DE COMEZO: 20:33 h.

HORA DE REMATE: 21:30 h.

ASISTENTES: D^a Mercedes Giráldez Santos (alcaldesa en funcións), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela e D. Héitor Mera Herbello.

SUPLENTES: D^a Tania Castro Paredes e D^a Lourdes Rial Pardo.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria en funcións, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 8 DE FEBREIRO DE 2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 8 de febreiro de 2016.

URBANISMO E PATRIMONIO

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 18 DE FEBREIRO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:



Concello de Cangas

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advirtéselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e construtor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fixéanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta



Concello de Cangas

para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXEDIENTE N° 25.400.- LICENZA MUNICIPAL N° 24.625.- A M. A. J., modifícaselle a referida licenza no sentido en que tamén se autoriza a construción dun cerramento de 15,23 metros, de conformidade coa documentación presentada en data 15 de febreiro de 2016.

EXEDIENTE N° 24.425.- LICENZA MUNICIPAL N° 17.497.- A O. G. E., modifícaselle a referida licenza no sentido en que tamén se autoriza a construción de adición de aproveitamento baixo cuberta de 63,20 m²., e obras de remate en planta baixa e andar primeiro, de conformidade coa documentación presentada en data 29 de decembro de 2015.

2.A.2) LICENZAS MUNICIPAIS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTEs EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE N° 24.290.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR M. F. P.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 17 de febreiro de 2016, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN a M. F. P., para vivenda unifamiliar, reforma e ampliación de edificación adxetiva actual e



Concello de Cangas

demolición de vivenda actual, sita nas Barreiras, nº 94-Liméns, construída ao abeiro da licenza municipal N° 23.385.

b) Así mesmo apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

EXPEDIENTE N° 22.396.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR P. A. F. C.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 17 de febreiro de 2016, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN a P. A. F. C., para construción de vivenda unifamiliar, sita en Travesía do Tobal, nº 20A-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal N° 20.542.

EXPEDIENTE N° 24.646.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR X. D. N.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 17 de febreiro de 2016, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN a X. D. N., para vivenda unifamiliar sita na Serra de Poente-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal N° 23.385.

2.A.3) EXPEDIENTES DE OBRAS SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE N° 23.619.- A ANCORADOURO, SL, para en Alvaro Guitián-Cangas, en solo urbano, regulado pola ordenanza do PEPRI, construír un edificio, foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias



Concello de Cangas

concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advirtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características construtivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE N° 25.736.- A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, para en San Cibrán-Aldán, executar o cambio de un apoio.

Non se permiten reposicións parciais.

*Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

*Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Unión Fenosa Distribución o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.



Concello de Cangas

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE N° 25.511.- M. L. C. L., colocación de carteis indicativos para camping de segunda categoría no lugar do Hío.

EXPEDIENTE N° 25.745.- P. O. e J. E. M. M., para ampliación de portal reparación de cerramento e peche en rúa Frondoal, 38-As Barreiras-Darbo.

ACTIVIDADES

EXPEDIENTE N° 1.735.- Fotos Morrazo, SL, arquívase comercio polo miúdo en Rúa Sol, n° 7-Cangas.

EXPEDIENTE N° 1.737.- J. A. M., cambio titularidade cervexería-bocatería na Avda. Félix Ozámiz, n° 13-baixo.

EXPEDIENTE N° 1.788.- Gala CB, para comercio venda roupa na Avda. de Bueu, n° 15-baixo, 2-Cangas.

EXPEDIENTE N° 1802.- Taberna Moisés, CB, cambio de titularidade bar-tapería na Avda. de Ourense, n° 7-Coiro.

EXPEDIENTE N° 1.850.- I. C. R., cambio de titularidade tenda de roupa na Avda. de Ourense.

EXPEDIENTE N° 1.863.- J. M. G. B., oficina de seguros na Avda. de Ourense, n° 31-baixo A-Coiro.



Concello de Cangas

EXPEDIENTE N° 1.920.- M. D. M. F., comercio para venda polo miúdo de peixe nos Pinos, n° 7-baixo 1-Coiro.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

4º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do día 15.02.2016 do concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, relativa a concesión de axudas económicas de emerxencia social, que di:

“PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

D. Tomás Hermelo Álvarez, concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade do Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra).

Con relación na solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da Traballadora Social de Servizos Sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

** **Concesión de axuda económica** de catrocentos noventa e un euros con vinte e seis céntimos (491,26 €) a M. G. B.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

CONTRATACIÓN

5º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL DO SERVIZO DE BAR-CAFETERÍA NO CENTRO SOCIOCOMUNITARIO

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 18.02.2016, referente a adxudicación definitiva do contrato administrativo especial de servizo de bar-cafetería no centro sociocomunitario, que di o seguinte:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL DE SERVIZO DE BAR-CAFETERÍA NO CENTRO SOCIOCOMUNITARIO



Concello de Cangas

Visto o expediente tramitado para a adxudicación do contrato administrativo especial, consistente na prestación do servizo de bar-cafetería no centro sociocomunitario do Concello de Cangas. Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a Mesa de Contratación como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor das licitadoras M. C. S. M., con DNI n° 07951929R e C. C. C., con DNI n° 53280296Z, condicionada á presentación do documento (privado ou público) de constitución da sociedade civil, á que se comprometeron na súa oferta.

Visto o documento constitutivo da sociedade civil de data 3.02.2016, segundo o cal as licitadoras mencionadas constitúen "CRISCAR SOCIEDAD CIVIL", con NIF n° J94133923, cuxo obxecto o constitúe a actividade de café.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma a documentación que se lle requiriu (entrada n° 2007 do día 18.02.2016) relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que así mesmo constituíu garantía definitiva por importe de mil cento noventa e dous euros con oito céntimos (1.192,08 €) mediante depósito en metálico e abonou os gastos do anuncio de licitación.

Por todo o que antecede, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar a "CRISCAR SC", con NIF n° J94133923 e domicilio social na Avda. de Castelao, n° 2, o contrato administrativo especial de servizo de bar-cafetería no centro sociocomunitario do Concello de Cangas por un canon mensual de seiscentos un euros (601,00 €) (21% IVE incluído) e cunha duración de 4 anos non prorrogable.

Segundo.- Notificar a "CRISCAR SC", a adxudicación do contrato e citar ás súas socias para a sinatura deste.

Terceiro.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto refundido da LCSP, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente a



Concello de Cangas

adxudicación definitiva do contrato administrativo especial de servizo de bar-cafetería no centro sociocomunitario.

6º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA WEB MUNICIPAL, DOMINIOS E CONTAS DE CORREO DO CONCELLO DE CANGAS

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 18.02.2016 referente ao inicio do expediente de contratación do servizo de mantemento da web municipal, dominios e contas de correo do Concello de Cangas, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA WEB MUNICIPAL, DOMINIOS E CONTAS DE CORREO DO CONCELLO DE CANGAS

*Vista a proposta da concelleira de Participación Veciñal, Transparencia e Asociacionismo relativa á necesidade de contratar o servizo de mantemento da páxina web **www.cangas.gal** e mantemento dos dominios **cangas.gal** e **cangas.org**, incluíndo as contas de correo, actualizacións de contidos, publicación de novas e configuración de contas nos equipos cliente.*

Visto que o actual contrato para a prestación do referido servizo remata o vindeiro 31.03.2016.

Por todo o que antecede, no uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de contratación para a adxudicación do "Servizo de mantemento da WEB municipal, dominios e contas de correo electrónico do Concello de Cangas" mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa e varios criterios de adxudicación.

SEGUNDO.- Que polo departamento de Apoio Xurídico se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

TERCEIRO.- Que pola Intervención municipal se faga a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que supón esta contratación e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

CUARTO.- De ser favorable a fiscalización previa, que Secretaría emita informe-proposta ao respecto.



Concello de Cangas

QUINTO.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Secretaría e Intervención".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente ao inicio do expediente de contratación do servizo de mantemento da web municipal, dominios e contas de correo do Concello de Cangas.

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

7º.- ESCRITO DA ASOCIACIÓN DE PROFESIONAIS DA PRAZA DE ABASTOS DE CANGAS S/AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DE PORTAS PARA DELIMITACIÓN DE ZONAS DE VENDA

Dáse conta de escrito de M. B. P., presidenta da ASOCIACIÓN DE PROFESIONAIS DA PRAZA DE ABASTOS DE CANGAS, no que solicita autorización municipal para a instalación das portas que delimitan as illas de venda centrais de peixes e mariscos da Praza de Abastos Municipal, ao que achega deseños de situación, imaxes, descrición de materiais e presuposto por un importe total de seis mil cincocentos trinta e catro euros (6.534,00) co IVE incluído.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade coa documentación aportada, acorda conceder autorización municipal á ASOCIACIÓN DE PROFESIONAIS DA PRAZA DE ABASTOS DE CANGAS, para a instalación das portas que delimitan as illas de venda centrais de peixes e mariscos da Praza de Abastos Municipal.

8º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/RENOVACIÓN DE POSTOS DO MERCADO MUNICIPAL

Dáse conta de proposta do día 22.02.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a prórroga para o ano 2016 das licenzas municipais de venda ambulante, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL PARA A PRÓRROGA PARA O ANO 2016 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE



Concello de Cangas

1.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas aplicable as renovacións de 2016 (BOP da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) prevé no seu artigo 16, que as autorizacións terán unha vixencia de un ano natural, prorrogable de forma expresa por períodos de igual duración. O prazo para a presentación da documentación correspondente para a renovación irá desde o 1 de decembro ata o 30 de decembro de cada ano.

II.- Por parte do concello con motivo da apertura do período de renovación cara a 2016 os titulares de licenzas foron requiridos co fin de que, de ser do seu interese, no prazo indicado presentasen a solicitude de renovación para o ano 2016, con expresa advertencia de que, de non presentar esta solicitude de renovación no prazo indicado, entenderíase que renunciaban voluntariamente á renovación da autorización e polo tanto deberían deixar o posto libre por carecer de autorización para o exercicio da venda ambulante, sen prexuízo da liquidación das taxas polo período de ocupación efectiva do posto e da aplicación do réxime sancionados.

III.- As persoas que de seguido se relacionan presentaron no período citado as súas solicitudes de renovación, se ben sendo observadas deficiencias foron requiridas ao abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común para que, no prazo de dez días, subsanasen os defectos detectados, advertíndolles que de non facelo teríaselles por desistidos da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, o que implicará a perda do posto.

IV.- Dentro do prazo outorgado estas emendaron satisfactoriamente os defectos detectados, polo que cómpre adoptar o presente acordo que declara a renovación para o ano 2016 das autorizacións das que eran titulares.

V.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15 do regulamento vixente.

Á vista do anteriormente exposto propono á Xunta de Goberno Local adoptar o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Estimar a solicitude de renovación de licenza municipal de venda ambulante para o ano natural 2016 ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08/04/2013) por cumprir cos requisitos esixidos para a renovación a:

Ref: 22. J. J. B.



Concello de Cangas

Ref: 39. M. Y. N. L.
Ref: 41. N. M. R.
Ref: 46. V. B. G.
Ref: 48. I. N.
Ref: 57. A. S. J.
Ref: 83. J. A. R. R.
Ref: 84. P. J. B.
Ref: 91. M. T. N. P.
Ref: 93. M. C. V. S.
Ref: 95. J. J. D.
Ref: 124. A. M. G.
Ref: 128. P. F. A.
Ref: 135. A. G. P.
Ref: 141. S. J. F.
Ref: 155. J. M. C. N.
Ref: 165. Agrocar SL

RENOVACIÓN CON CAMBIO TITULARIDADE

Ref: 161. A. L. C. – F. C. G.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade coa documentación aportada, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a prórroga para o ano 2016 das licenzas municipais de venda ambulante.

9º.- PROPOSTA DA CONCELEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/APROBACIÓN DE PROXECTO DO OBRADOIRO DE EMPREGO “GRANXA DA RÚA VI”

Dáse conta de proposta do día 12.02.2016 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a aprobación de proxecto do Obradoiro de Emprego “GRANXA DA RÚA VI”, que é como segue:

“PROPOSTA



Concello de Cangas

En virtude da Orde do 29 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016, considerando de especial importancia a existencia deste tipo de iniciativas de formación e emprego no municipio, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto do OBRADOIRO DE EMPREGO 'GRANXA DA RÚA VI', de 6 meses de duración, con data máxima de inicio o 30 de setembro de 2016 (art. 4.3 da orde), coas características e especialidades formativas que a continuación se detallan, así como a achega, por parte do Concello, dun cofinanciamento destinado a sufragar parte dos materiais de obra e prestación dos servizos (punto terceiro):

ESPECIALIDADES	CÓDIGO	Nº PARTICIPANTES
<i>ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO</i>	<i>SSCS0108</i>	<i>12</i>
<i>INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES</i>	<i>AGAO0208</i>	<i>13</i>
		<i>TOTAL: 25</i>

SEGUNDO.- Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia unha subvención para levar a cabo este proxecto do OBRADOIRO DE EMPREGO 'GRANXA DA RÚA VI', no que se impartirán as especialidades formativas antes citadas e nas que se desenvolverán as obras e servizos previstos na memoria formativa para un total de 25 alumnos/alumnas traballadores/traballadoras (contrato para a formación e aprendizaxe).

TERCEIRO.- Que unha vez que a Consellería de Economía, Emprego e Industria conceda a devandita subvención, o Concello aporte con cargo aos exercicios orzamentarios dos anos 2016 e 2017 os fondos necesarios para levar a cabo o mencionado proxecto e sufragar os custos non subvencionados, fundamentalmente os materiais necesarios para a execución das obras e a prestación dos servizos previstos, achegando un cofinanciamento municipal duns vinte e cinco mil euros (25.000,00 €) que, de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria, poida ser distribuída nos dous exercicios orzamentarios nos que se execute o proxecto (2016-2017)".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de



Concello de Cangas

desenvolvemento económico e emprego local, referente a aprobación de proxecto do Obradoiro de Emprego "GRANXA DA RÚA VI".

10º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/APROBACIÓN DO PROXECTO DO OBRADOIRO DE EMPREGO "GRANXA DA RÚA VI-MOCIDADE"

Dáse conta de proposta do día 12.02.2016 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a aprobación de proxecto do Obradoiro de Emprego "GRANXA DA RÚA VI-MOCIDADE", que é como segue:

"PROPOSTA

En virtude da Orde do 29 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016, considerando de especial importancia a existencia deste tipo de iniciativas de formación e emprego para a mocidade do municipio, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o Proxecto do OBRADOIRO DE EMPREGO 'GRANXA DA RÚA VI-MOCIDADE', de 6 meses de duración, con data máxima de inicio o 30 de setembro de 2016 (art. 4.3 da Orde), coas características e especialidades formativas que a continuación se detallan, así como a achega por parte do Concello dun cofinanciamento destinado a sufragar parte dos materiais de obra e prestación dos servizos (punto terceiro):

ESPECIALIDADES	CÓDIGO	Nº PARTICIPANTES
<i>ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO</i>	<i>SSCS0108</i>	<i>12</i>
<i>ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEIROS XARDÍNS E CENTROS DE XARDINARÍA</i>	<i>AGAO0208</i>	<i>13</i>
		<i>TOTAL: 25</i>

SEGUNDO.- Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia unha subvención para levar a cabo este proxecto do OBRADOIRO DE EMPREGO 'GRANXA DA RÚA VI-MOCIDADE', no que se impartirán as especialidades formativas antes citadas e nas que se desenvolverán as obras e



Concello de Cangas

servizos previstos na memoria formativa para un total de 25 alumnos/alumnas - traballadores/traballadoras (contrato para a formación e aprendizaxe).

TERCEIRO.- Que unha vez que a Consellería de Economía, Emprego e Industria conceda a devandita subvención, o Concello aporte con cargo aos exercicios orzamentarios dos anos 2016 e 2017 os fondos necesarios para levar a cabo o mencionado proxecto e sufragar os custos non subvencionados, fundamentalmente os materiais necesarios para a execución das obras e a prestación dos servizos previstos, achegando un cofinanciamento municipal duns vinte e cinco mil euros (25.000,00 €) que, de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria, poida ser distribuída nos dous exercicios orzamentarios nos que se execute o proxecto (2016-2017)".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a aprobación de proxecto do Obradoiro de "GRANXA DA RÚA VI-MOCIDADE".

MEDIO AMBIENTE E TURISMO

11º.- SOLICITUDE DE AXUDA Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL NAS OFICINAS DE TURISMO NOS MESES DE XUÑO, XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2016

Dáse conta de proposta do día 18.02.2016 da concelleira de Turismo, referente a solicitude de axuda á Axencia de Turismo de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro do ano que andamos, que é como segue:

"SOLICITUDE Á AXENCIA TURISMO DE GALICIA PARA A CONCESIÓN E AXUDA PARA A CONTRACIÓN DE PERSOAL NAS OFICINAS DE TURISMO-2016

Publicada no DOG nº 17 de data do 27/01/2016 a Resolución do 7 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

Visto que o Concello de Cangas por Resolución da Consellería de Cultura, Comunicación e Turismo de data do 1 de xuño de 2001 é declarado municipio



Concello de Cangas

turístico galego (DOGA Núm. 116 de data do 15 de xuño 2001) e cumprindo todos os demais requisitos.

Vistas as necesidades, propono á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar unha axuda polo importe de seis mil trescentos sesenta e un euros con vinte e oito céntimos (6.361,28 €) para a contratación de dous/dúas técnicos/técnicas, con ciclo superior de turismo, Grupo B, a un 75% da xornada laboral, para o período de dous meses, do 1 de xullo ao 31 de agosto de 2016, para a Oficina de Turismo de Cangas, cos custos ao abeiro do Convenio Colectivo do Concello de Cangas publicado no BOP de Pontevedra do 11/02/1992 e ás táboas salariais estatais vixentes neste momento da Lei 22/2013, de 23 de decembro e publicada no BOE núm. 309 de data do 26/12/2013 e que resulta o seguinte:

- * Salario Base: 635,00 €*
- * C. Destino: 244,46 €*
- * Paga Extra: 171,98 €*
- * Custos Seguridade Social 386,44 €*
- * Total mes (75% xornada): 1.590,32 €*

Segundo.- Adoptar o compromiso do Concello de Cangas para o financiamento do importe do orzamento do evento que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista, segundo a documentación achegada coa solicitude; así como, a disposición de financiamento para as partidas orzamentarias que sexan financiadas por aquela e o número de traballadores/traballadoras que se van contratar e as súas retribucións salariais brutas, en cómputo mensual, desagregados por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e máis as cotizacións empresariais á Seguridade Social, con referencia da publicación oficial do convenio colectivo que resulte de aplicación e xuntando as táboas salariais vixentes no momento da solicitude.

Terceiro.- Certificar que o Concello de Cangas, con data do 08.10.2015 remitiu ao Consello de Contas de Galicia a Conta Xeral 2014 do Concello de Cangas e do seu Organismo Autónomo de Deportes.

Cuarto.- Declarar que o Concello de Cangas, para esta solicitude que se formula, non solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar



Concello de Cangas

integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Turismo, referente a solicitude de axuda á Axencia de Turismo de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro de 2016.

CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

12º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O FUNCIONAMENTO DO CONSERVATORIO DE MÚSICA MUNICIPAL NO ANO 2015

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 18.02.2016, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra para o funcionamento do Conservatorio Profesional de Música Municipal, do exercicio 2015, que é como segue:

“PROPOSTA

De conformidade co acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 19.11.2015, de concesión de subvención para gastos de funcionamento do Conservatorio Profesional de Música de Cangas, polo importe de dezaseis mil trescentos sesenta e tres euros (16.363,00 €) e de conformidade coa documentación que consta no expediente, propono á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa do funcionamento do Conservatorio Profesional de Música de Cangas, do exercicio 2015, polo importe total de trescentos dous mil cento trinta euros con catro céntimos (302.130,04 €), de conformidade co seguinte desglose:

<i>APELLIDOS</i>	<i>NOME</i>	<i>POSTO</i>	<i>REMUNER.</i>	<i>SEG. SOC.</i>	<i>TOTAL</i>
<i>T. E.</i>	<i>M. J.</i>	<i>T. Sup. Piano</i>	<i>22.242,49</i>	<i>7.022,23</i>	<i>29.264,72</i>
<i>R. G.</i>	<i>M.</i>	<i>T. Sup. Guitarra</i>	<i>17.158,34</i>	<i>5.277,33</i>	<i>22.435,67</i>
<i>R.</i>	<i>D.</i>	<i>T. S. Violín-Viola</i>	<i>17.245,96</i>	<i>5.300,11</i>	<i>22.546,07</i>
<i>G. A.</i>	<i>A.</i>	<i>T. M. Vento Metal</i>	<i>20.758,70</i>	<i>6.511,50</i>	<i>27.270,20</i>
<i>M. P.</i>	<i>S.</i>	<i>T. Sup. Piano</i>	<i>16.879,12</i>	<i>5.382,72</i>	<i>22.261,84</i>



Concello de Cangas

E. M.	R.	T. Sup. Piano	18.519,12	5.631,59	24.150,71
A. M.	J.	T. Sup. Piano	15.666,63	4.775,42	20.442,05
C. P.	L. M.	T. M. Percusión	17.516,19	5.556,44	23.072,63
R. C.	J.	T. S. Vento Mad	18.111,52	5.752,35	28.863,87
R. P.	J. R.	T. M. Violoncello	16.824,92	5.098,61	21.923,53
C. V.	J.A.	T. Sup. Violin	17.306,83	5.302,66	22.609,49
PERSOAL NON DOCENTE					
M. M.	M. E.	Consexe	21.703,55	6.731,42	28.434,97
P. P.	M.	Limpadora	10.424,72	3.432,27	13.856,99
TOTAL			230.358,09	71.774,65	302.132,04

Segundo.- Que se cumpriu coa finalidade da subvención concedida.

Terceiro.- Que na contabilidade se tomou razón dos gastos que se xustifican e que os fondos se aplicaron para tal efecto, de conformidade coa documentación que consta no expediente.

Cuarto.- Que o concello non solicitou nin recibiu ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.

Quinto.- Que toda a documentación está a disposición da Deputación Provincial de Pontevedra para ser consultada.

Sexto.- Que se deu publicidade da axuda concedida”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra para o funcionamento do Conservatorio Profesional de Música Municipal, do exercicio 2015.

13º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE



Concello de Cangas

PONTEVEDRA PARA O FUNCIONAMENTO DA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL NO ANO 2015

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 18.02.2016, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra para o funcionamento da Escola de Música Municipal, do exercicio 2015, que é como segue:

“PROPOSTA

De conformidade co acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 19.11.2015, de concesión de subvención para gastos de funcionamento da Escola Municipal de Música de Cangas, polo importe de oito mil dezasete euros (8.017,00 €) e de conformidade coa documentación que consta no expediente, propono á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa do funcionamento da Escola Municipal de Música de Cangas, do exercicio 2015, polo importe total de cento noventa e tres mil cento cincuenta e un euros con dezanove céntimos (193.151,19 €), de conformidade co seguinte desglose:

<i>APELLIDOS</i>	<i>NOME</i>	<i>POSTO</i>	<i>REMUNER.</i>	<i>SEG. SOC.</i>	<i>TOTAL</i>
<i>T. E.</i>	<i>M.J.</i>	<i>T. Sup. Piano</i>	<i>13.063,05</i>	<i>4.124,17</i>	<i>17.187,22</i>
<i>R. G.</i>	<i>M.</i>	<i>T. Sup. Guitarra</i>	<i>10.077,12</i>	<i>3.099,38</i>	<i>13.176,50</i>
<i>R.</i>	<i>D.</i>	<i>T. S. Violín-Viola</i>	<i>10.128,58</i>	<i>3.112,77</i>	<i>13.241,35</i>
<i>G. A.</i>	<i>A.</i>	<i>T. M. Vento Metal</i>	<i>12.191,61</i>	<i>3.824,22</i>	<i>16.015,83</i>
<i>M. P.</i>	<i>S.</i>	<i>T. Sup. Piano</i>	<i>8.913,14</i>	<i>3.161,28</i>	<i>13.074,42</i>
<i>E. M.</i>	<i>R.</i>	<i>T. Sup. Piano</i>	<i>10.876,31</i>	<i>3.307,44</i>	<i>14.183,75</i>
<i>A. M.</i>	<i>J.</i>	<i>T. Sup. Piano</i>	<i>9.201,04</i>	<i>2.804,61</i>	<i>12.005,65</i>
<i>C. P.</i>	<i>L. M.</i>	<i>T. M. Percusión</i>	<i>10.287,29</i>	<i>3.263,31</i>	<i>13.550,59</i>
<i>R. C.</i>	<i>J.</i>	<i>T. S. Vento Mad</i>	<i>10.636,93</i>	<i>3.378,36</i>	<i>14.015,29</i>
<i>R. P.</i>	<i>J. R.</i>	<i>T. M. Violoncello</i>	<i>9.881,30</i>	<i>2.994,42</i>	<i>12.875,72</i>
<i>C. V.</i>	<i>J.A.</i>	<i>T. Sup. Violín</i>	<i>10.164,33</i>	<i>3.114,26</i>	<i>13.278,59</i>



Concello de Cangas

<i>PERSOAL NON DOCENTE</i>					
<i>M. C.</i>	<i>R.</i>	<i>Consexe</i>	<i>21.068,40</i>	<i>6.620,88</i>	<i>27.689,28</i>
<i>P. P.</i>	<i>M.</i>	<i>Limpadora</i>	<i>10.424,72</i>	<i>3.432,27</i>	<i>13.856,99</i>
<i>TOTAL</i>					<i>222.586,15</i>

Segundo.- *Que se cumpriu coa finalidade da subvención concedida.*

Terceiro.- *Que na contabilidade se tomou razón dos gastos que se xustifican e que os fondos se aplicaron para tal efecto, de conformidade coa documentación que consta no expediente.*

Cuarto.- *Que o concello non solicitou nin recibiu ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.*

Quinto.- *Que toda a documentación está a disposición da Deputación Provincial de Pontevedra para ser consultada.*

Sexto.- *Que se deu publicidade da axuda concedida”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra para o funcionamento da Escola de Música Municipal, do exercicio 2015.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE SERVIZOS S/SOLICITUDE DE AXUDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2016. LIÑA 1 INVESTIMENTOS



Concello de Cangas

Dáse conta de proposta do 22.02.2016 da concelleira de Servizos, referente a solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016-liña 1 Investimentos, que di o seguinte:

“PROPOSTA

SOLICITUDE DE AXUDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2016. LIÑA 1 INVESTIMENTOS

Publicadas no BOP nº 233 de data do 02/12/29015, pola Deputación Provincial de Pontevedra as bases e convocatoria dun Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal para o exercicio 2016.

Recibido escrito da Deputación Provincial de Pontevedra no que se fai constar que ao Concello de Cangas lle corresponde a cantidade de un millón dezanove mil trescentos corenta e seis euros con corenta e cinco céntimos (1.019.346,45 €) e a ter en conta as porcentaxes nas liñas 2, 3 e 4, o Concello con base nas necesidades procede ao reparto desta nas diferentes liñas, resultando o seguinte:

- Liña 1: 645.838,00 €*
- Liña 2: 134.901,97 €*
- Liña 3: 38.050,00 €*
- Liña 4: 200.556,48 €*

Vistas as necesidades a Oficina Técnica Municipal procede á elaboración dos diferentes proxectos, polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Realizar os seguintes investimentos, dentro da LIÑA 1 que se relacionan, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso:

<i>Denominación do proxecto</i>	<i>Importe total euros, incluído o IVE</i>
<i>Proxecto de pavimentación e mellora de servizos no Barrio do Outeiro</i>	<i>131.540,77</i>
<i>Renovación urbana rúas Hospital-Lúa-Lirio (Pavimentación e servizos)-Cangas</i>	<i>98.362,90</i>
<i>Reparación e acondicionamento camiños de titularidade municipal, Ponte Bouzós, contención e recollida pluviais Ourelo-Darbo</i>	<i>167.899,99</i>
<i>Adquisición de material para substitución de luminarias no Paseo Castelao, Eugenio Sequeiros e Montero Ríos</i>	<i>49.995,72</i>



Concello de Cangas

<i>Adecuación á normativa do parque infantil Outeiro-Balea</i>	<i>20.053,49</i>
<i>Adecuación á normativa do parque infantil Rodeira Avda. Ourense</i>	<i>50.518,02</i>
<i>Urbanización rúa Mestre Tenreiro-Cangas</i>	<i>54.322,96</i>
<i>Adquisición de vehículo barredora para limpeza viaria e quad para recollida de residuos</i>	<i>73.100,00</i>

Segundo.- Aprobar os seguintes investimentos e solicitar axuda para estes con cargo á liña 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos-2016) polos importes que se indican:

Denominación do proxecto	Importe total euros, incluído o IVE
<i>Proxecto de pavimentación e mellora de servizos no Barrio do Outeiro</i>	<i>131.540,77</i>
<i>Renovación urbana rúas Hospital-Lúa-Lirio (Pavimentación e servizos)-Cangas</i>	<i>98.362,90</i>
<i>Reparación e acondicionamento camiños de titularidade municipal, Ponte Bouzós, contención e recollida pluviais Ourelo-Darbo</i>	<i>167.899,99</i>
<i>Adquisición de material para substitución de luminarias no Paseo Castela, Eugenio Sequeiros e Montero Ríos</i>	<i>49.995,72</i>
<i>Adecuación á normativa do parque infantil Outeiro-Balea</i>	<i>20.053,49</i>
<i>Adecuación á normativa do parque infantil Rodeira Avda. Ourense</i>	<i>50.518,02</i>
<i>Urbanización rúa Mestre Tenreiro-Cangas</i>	<i>54.322,96</i>
<i>Adquisición de vehículo barredora para limpeza viaria e quad para recollida de residuos</i>	<i>73.100,00</i>

Terceiro.- Declarar que o Concello para os investimentos que se solicitan, non solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de Servizos transcrita anteriormente, referente a solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016-liña 1 Investimentos.

B) SOLICITUDE DE CRISCAR, SC S/AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA INSTALACIÓN DE MÁQUINAS RECREATIVAS E EXPENDEDORAS DE TABACO NO CENTRO SOCIOCOMUNITARIO

Dáse conta de escrito presentado o día 17.02.2016 por C. C. C., en representación da empresa CRISCAR, SC, adxudataria da explotación da cafetería do Centro Sociocomunitario de Cangas, no que demanda autorización



Concello de Cangas

municipal para a instalación de máquinas recreativas e expendedoras de tabaco na referido cafetería.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda denegar a solicitude realizada pola S. C. C.

C) SINALIZACIÓNS VARIAS

C.1) SOLICITUDE DE BAIXA DE SINAL DE PASAXE PERMANENTE

Examinada a solicitude presentada o día 29.01.2016 por G. O. M., na que demanda a baixa do sinal de pasaxe permanente nº 278 que está instalado en Pedra da Lan, nº 6-Coiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o interesado está ao corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Que por parte do interesado se proceda á devolución da placa de referencia no Departamento de Tesourería.

TERCEIRO.- Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade cos artigos 3.1 e 3.2 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ó cobro a taxa correspondente.

C.2) SOLICITUDE DE S. O. H. S/SINALIZACIÓN DE CARGA E DESCARGA

Examinada a solicitude presentada o día 29.12.2015 por S. O. H., en representación de SHAMBALA, CB, na que demanda a sinalización de carga e descarga diante do seu negocio sito en rúa Ferrol, nº 1-Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade co informe emitido o día 28.01.2016 pola Policía Local, acorda autorizar a sinalización de carga e descarga na confluencia da rúa Baiona coa rúa Ferrol.



Concello de Cangas

C.3) SOLICITUDE DE M. A. F. M. S/SINALIZACIÓN HORIZONTAL

Examinada a solicitude presentada o día 27.01.2016 por M. A. F. M., na que demanda sinalización horizontal diante de portal na Avda. de Ourense, interior nº 94-Coiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade co informe emitido o día 09.02.2016 pola Policía Local, acorda comunicar ao Sr. F. M. que corresponde a instalación de sinal de pasaxe permanente, polo que se autoriza a instalación do referido sinal e pintado de amarelo enfronte do portal de entrada sito na Avda. de Ourense, interior nº 94-Coiro.

C.4) SOLICITUDE DE V. P. M. S/INSTALACIÓN DE BOLARDOS

Examinada a solicitude presentada o día 29.01.2016 por V. P. M., na que demanda a instalación de bolardos na Avda. de Lugo, nº 15-Coiro, porque os vehículos que aparcan dificultan a visibilidade na zona e o paso de peóns pola beirarrúa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade co informe emitido o día 09.02.2016 pola Policía Local, acorda autorizar o solicitado pola Sra. P. M., para instalación de bolardos na Avda. de Lugo, nº 15-Coiro.

C.5) SOLICITUDE DE COMUNIDADE DE PROPIETARIOS ATRANCO, 7 S/INSTALACIÓN DE PIVOTE

Examinada a solicitude presentada o día 02.02.2016 por S. A. G., administrador da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS ATRANCO, 7, na que demanda a instalación doutro pivote máis en rúa Atranco, nº 7-Coiro, enfronte do acceso ao garaxe do edificio, para facilitar a manobra de entrada e saída do garaxe.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade co informe emitido o día 09.02.2016 pola Policía Local, acorda autorizar a solicitude do Sr. A. G., para instalación de un pivote mais na rúa Atranco, nº 7-Coiro, enfronte do acceso ao garaxe do edificio.



Concello de Cangas

D) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE BASES PARA A SELECCIÓN DE UNHA PRAZA DE PROFESOR/PROFESORA DE MÚSICA PARA O CONSERVATORIO E ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 22.02.2016 referente a aprobación de bases para a selección de unha praza de profesor/profesora de música para o Conservatorio e Escola de Música Municipal, que é como segue:

“PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Ante a baixa dunha das profesoras que prestan o seu servizo na Escola de Música e Conservatorio municipais, non podendo ser cuberta cos efectivos existentes, procede iniciar un proceso selectivo para a súa cobertura con carácter temporal. Esta convocatoria debe ser tramitada con urxencia vista a xustificación contida no informe emitido pola directora do Conservatorio Profesional de Música/Escola de Música Inocentes Camaño de data 18 de febreiro de 2016, co fin de evitar os prexuízos que se poidan derivar da ausencia no alumnado.

Visto o que antecede elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases de selección para a contratación de un/unha profesor/profesora de música para o Concello de Cangas con previsión de listado de substitucións. Bases que achegan como anexo á presente proposta de resolución.

SEGUNDO.- Convocar a praza mencionada e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda a súa contratación en réxime laboral temporal na modalidade de interinidade para a cobertura da baixa na Escola de Música e Conservatorio Municipal, polo período de duración desta en réxime de xornada completa e coas retribucións correspondentes a súa categoría.

TERCEIRO.- Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nestas.

“ANEXO

BASES PARA A SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE PROFESOR/A DE MÚSICA PARA O CONSERVATORIO E ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CANGAS

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN



Concello de Cangas

O obxecto da presente convocatoria é a provisión polo sistema de concurso oposición coas características que se indican nas presentes bases de unha praza de PROFESOR/A DE PIANO/CORO para prestar servizo no Conservatorio e Escola de Musica Municipais. As materias a impartir serán: piano, materias complementarias, coro.

A contratación será de carácter laboral temporal, na modalidade de interinidade para a cobertura da baixa existente polo período de duración desta, no mesmo réxime da praza que se substitúe. Á persoa seleccionada seralle de aplicación o Acordo Regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Cangas.

O sistema de selección será o de concurso-oposición libre.

SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES

Para tomar parte no proceso de selección será necesario que os aspirantes reúnan as condicións seguintes:

Para ser admitido/admitida á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser cidadán español ou atoparse comprendido no eido subxectivo referido no art. 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público.*
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.*
- c) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar.*
- d) Estar en posesión do título de grao medio ou superior de música segundo o plano de estudos de 1966 ou título de grao superior segundo a LOXSE/LOE.*
- e) Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.*
- f) Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade.*
- g) Ter ingresado a taxa para participar no proceso selectivo segundo a correspondente ordenanza fiscal (17,04 euros).*

TERCEIRA.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES



Concello de Cangas

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello (www.cangas.org) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións ás bases.

De presentarse reclamacións as bases –que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo- a selección demorarase ata a resolución das mesmas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente, o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo irán dirixidas á Alcaldía do Ilmo. Concello de Cangas, e entregadas no Rexistro Xeral durante cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da presente convocatoria no taboleiro municipal, en horario de atención ao público, facendo constar o cumprimento da base segunda, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se acredite documentalmente ese cumprimento de acordo co disposto na base oitava. Non obstante deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o Negociado de Persoal do Concello ou o Tribunal de Selección, podendo ser apartados dos proceso aqueles aspirantes que sendo requiridos para elo non acreditasen suficientemente ese cumprimento.

Xunto coa instancia presentarase:

1.- resgardo acreditativo do pagamento das taxas. Este pago farase previa obtención da correspondente folla de liquidación na Tesourería do Concello.

2.- Fotocopia do DNI.

3.- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos que se aleguen para a fase de concurso.

Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.



Concello de Cangas

CUARTA.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

*Finalizado o prazo de presentación da documentación requirida, a Presidencia da Corporación aprobará a **lista provisional de admitidos/as e excluídos/as**, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, que será exposta no Taboleiro de Anuncios deste Concello, para os efectos de presentar as reclamacións que se consideren oportunas. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **3 días hábiles** contados a partir do seguinte ó da publicación para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamación, ditarase nova resolución estimándoa ou desestimándoa o que se fará público, igualmente no Taboleiro de Anuncios do Concello.*

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza os interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva.

QUINTA.- O TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisa-lo correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros, A composición efectiva do tribunal, así como a data de realización dos exercicios, faranse públicos no taboleiro de anuncios da Casa do Concello integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ó proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección. O Tribunal quedará integrado ademais polos respectivos suplentes. Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante cando concorran neles algunha circunstancia prevista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro.

O tribunal non poderá constituírse sen a asistencia da metade máis un dos seus membros (tres dos seus membros) titulares ou suplentes indistintamente, deles polo menos deberá contar coa presenza do Presidente e mailo Secretario.

O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestala súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

SÉXTA.- COMEZO E DESENVOLVEMENTO DA PROBA SELECTIVA



Concello de Cangas

O proceso constará de dúas fases a de concurso e a de oposición:

1.- CONCURSO:

Unha vez rematado o prazo para presentar reclamacións, o tribunal cualificador reunirse no lugar, data e hora sinalados na resolución provisional de admitidos e excluídos ao obxecto de valora-la documentación aportada polos aspirantes na que se valorarán:

a) Experiencia Profesional:

- Exercicio da mesma categoría profesional na Administración Local: 0,2 puntos por mes.

- Exercicio da mesma categoría profesional noutras Administracións públicas: 1 punto por ano traballado.

- Exercicio da mesma categoría profesional en empresas privadas: 1 punto por ano traballado.

(Acreditarase coas fotocopias dos contratos de traballo e vida laboral do solicitante ou outro documento que acredite indubitadamente a xuízo do tribunal estes extremos)

Ata un máximo de 30 puntos.

b) Titulacións, certificados dos estudos, ponencias ou publicacións que teñan relación coas funcións a desempeñar:

- Por cada título medio relacionado coas prazas a ocupar expedido polo Ministerio de Educación ou órgano análogo estatal, excluindo o necesario para o acceso á praza, e os que serviron para obte-los superiores que se alegan como méritos: 0,5 puntos.

- Por cada título superior relacionado coas prazas a ocupar expedido polo Ministerio de Educación ou órgano análogo estatal, excluindo o necesario para o acceso á praza, e os que serviron para obter os superiores que se alegan como méritos: 1 puntos.



Concello de Cangas

- *Por asistencia a cursos relacionados coa praza(1 crédito ou 10 horas de asistencia): 0,25 puntos. Os cursos que teñen máis horas, lle será aplicado a porcentaxe correspondente.*

Ata un máximo de 10 puntos.

2.- OPOSICIÓN:

Constará de dous exercicios a desenvolver no no día, hora e lugar previstos na resolución pola que se aprobe o listado provisional de admitidos e excluídos que son os seguintes:

a) PROBA PRÁCTICA

De carácter eliminatorio. Consistirá no planteamento teórico - práctico dunha clase das especialidades que impartirán en grao medio ou elemental (a sorteo).

*A valoración da exposición da clase será puntuada nun **máximo de 58 puntos**. Os aspirantes que non acaden un mínimo de 29 puntos serán eliminados do proceso selectivo.*

b) PROBA DE COÑECEMENTO DA LÍNGUA GALEGA

*De carácter non eliminatorio. Ao remate da proba práctica o Tribunal formulará unha serie de preguntas orais ou escritas ou propondrá un exercicio de tradución dun texto dun mínimo de 5 liñas polos que se determinará o coñecemento da lingua galega dos/das aspirantes. Este exercicio valorárase cun **máximo de 2 puntos**.*

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten ao Tribunal antes da realización da proba a posesión do Certificado en Lingua Galega - Nivel 4 (CELGA 4), ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Perfeccionamento, ou a súa validación para o acceso ás probas recibindo neste caso 2 puntos.

As persoas aspirantes que concorran á realización das probas, deberán ir provistas do seu DNI, pasaporte, permiso de conducir ou documento equivalente. En caso de non presentar ningún, deste documentos, non se lle permitira a realización das probas.

Os aspirantes serán chamados para a realización das probas nun único chamamento, quedando excluídos do proceso os que non comparezan.



Concello de Cangas

SÉTIMA.- Designación da persoa elixida

Rematado o proceso de selección do tribunal fará pública a e elevará á Alcaldía a súa proposta de contratación en función das puntuacións obtidas por cada un dos aspirantes.

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e máis do concurso tendo en conta que a puntuación obtida na fase de oposición representará o 60 % do total e a resultante da fase de concurso o 40 % restante.

No suposto de empate na cualificación final o Tribunal posicionará con antelación na súa proposta aos aspirantes con maior puntuación no apartado de oposición, de persistir o empate valorarase a experiencia profesional, se aínda así persiste o empate dirimirase en función da maior puntuación no apartado de formación profesional, en último caso o empate desfarase cunha proba adicional a decidir polo Tribunal para que serán citados exclusivamente os aspirantes que tivesen empatado.

Trala remisión da proposta do Tribunal e previa presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos da base segunda procederase á formalización dos correspondentes contratos. A tal fin os aspirantes propostos disporán de dous días hábiles para presentar esta documentación.

En caso de que un posto de traballo permaneza vacante pola renuncia dun candidato seleccionado, aquel poderase cubrir previa resolución en tal sentido ditada pola Alcaldía, de forma correlativa, polos aspirantes que obtivesen a seguinte puntuación na lista definitiva do proceso selectivo que superasen as puntuacións mínimas establecidas.

Co aspirante seleccionado e os aspirantes que teñan superado as probas do proceso de selección sen obter a praza que se convoca confeccionarase en función das notas obtidas un listado para a cobertura de supostos de substitucións tales como vacacións, baixas e situacións análogas. Este listado terá unha duración de catro anos prorrogables mediante resolución expresa a contar dende a data da resolución na que se aprobe tal listado.

As contratacións que se efectúen en base a tal listado deberán facerse mediante a adopción dunha resolución de Alcaldía na que se fundamentará a necesidade de acudir a ela e que contará cos informes preceptivos previos.

OITAVA.- DISPOSICIÓN FINAL



Concello de Cangas

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, de 26 de Novembro, no Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ó previsto na devandita Lei 30/1992, de 26 de novembro”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación de bases para a selección de unha praza de profesor/profesora de música para o Conservatorio e Escola de Música Municipal.

E) PROPOSTA-MANIFESTO DA CONCELLERÍA DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE, POR UNHA PASAXE SEGURA DE PERSOAS REFUXIADAS

Dáse conta de proposta-manifesto realizada o día 22.02.2016 por Tomás Hermelo Álvarez, concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, por unha pasaxe segura de persoas refuxiadas, que é como segue:

“Por unha pasaxe segura

Estamos ante a maior crise humanitaria desde a Segunda Guerra Mundial, no cal os gobernos das diferentes nacións da Unión Europea non están á altura e incumpren de forma continua as promesas de acollida das persoas refuxiadas. Por este motivo o 27 de febreiro vaise celebrar de forma simultánea e en toda Europa diferentes concentracións e mobilizacións para reclamar o dereito a ‘unha pasaxe segura’ e os dereitos humanos de todas as persoas que chegan a solo europeo.

Manifesto de Benvidos Refuxiados Galicia

O 27 de febreiro, os cidadáns europeos reuniranse en cidades de todo o continente para defender os dereitos das persoas desprazadas.

Estamos esixindo que as autoridades europeas e os gobernos tomen medidas XA! para abrir as rutas seguras para todos aqueles que buscan protección.



Concello de Cangas

- **#safepasssage#pasajeseuro** Significa rutas legais e seguras: non máis mortes nas nosas fronteiras.
- **#safepasssage #pasajeseuro** Significa a protección dos refuxiados a través de Europa.
- **#safepasssage tfpasajeseuro** Significa manter abertas as fronteiras internas dentro do espazo Schengen.
- **#safepasssage #pasajeseuro** Significa recepción e asilo en todos os países europeos, respectando os dereitos dos solicitantes de asilo e refuxiados, permitíndolle seguir mantendo as súas pertenzas e reunirse coas súas familias inmediatamente, proporcionándolle o seu dereito de asilo.

Estas persoas foxen da guerra, da persecución e da fame. Sen embargo, Europa mira cara outro lado.

Case 400 persoas morreron intentando chegar ás costas europeas e as condicións dos campos de refuxiados como Calais e Dunkerque falan por si mesmos.

A morte do pequeno Aylan Kurdi, de tres anos de idade, en setembro do ano 2015, provocou unha onda de indignación mundial, pero desde entón máis de 400 nenos morreron do mesmo xeito que Aylan, afogados en silencio. Segundo a ONU, os nenos representan máis de un terzo dos grupos que cruzan de Turquía a Grecia.

A necesidade de proporcionar un paso seguro nunca foi máis urxente.

Europa tivo retos máis grandes no pasado e por iso sabemos que agora pode facelo mellor.

ESIXIMOS QUE O FAGAN MELLOR!!!

#SafePassage #PasajeSeguro XA!".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta-manifesto do concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, transcrita anteriormente e así mesmo, acorda sumarse, apoiar esta iniciativa e invitar a todas as persoas a participar o vindeiro sábado 27 de febreiro na Manifestación de Vigo, que sairá ás 12:00 horas desde o cruce de Vía Norte-Urzáiz.



Concello de Cangas

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace

o presidente